



## RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O DOCUMENTO DE ALCANCE PARA A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA ORDINARIA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA)

Promotor: Concello de Vigo  
Órgano substantivo: Concello de Vigo  
Expediente: 2020AAE2445  
Código web: 2321/2020

Atendendo á proposta de resolución do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

### ANTECEDENTES

- 1 O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan xeral de ordenación urbana aprobado definitivamente o 29.04.1993 coas súas modificacións puntuais. Este documento recobrou vixencia trala anulación do Plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente o 16.05.2008, en diante PXOM 2008.
- 2 Ao abeiro da Lei 2/2017, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, o 24.07.2019 aprobouse definitivamente o Instrumento de medidas provisionais de ordenación do Concello de Vigo.
- 3 O día 08.04.2020 recibíuse na anterior Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental) un escrito do Concello de Vigo no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria da *Revisión do Plan xeral de ordenación municipal* (en diante PXOM ou Plan xeral). Achegaba un borrador do plan e un documento inicial estratéxico. O día 28.04.2020 este órgano ambiental requiriu ao Concello que presentase certa documentación para poder iniciar o procedemento e, en resposta a dito requirimento, o 28.05.2020 recibíuse a documentación completa.
- 4 O día 08.06.2020 este órgano ambiental iniciou un período de consulta pública do documento inicial estratéxico e do borrador do PXOM, a través da súa sede electrónica e durante un prazo de dous meses. Ao mesmo tempo consultouse á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e a outras administracións públicas afectadas.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. A través do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobouse o Regulamento que desenvolve a dita Lei do solo (RLSG) e mediante Orde do 10 de outubro de 2019 aprobáronse as normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTTPP).
- 2 O artigo 46.1.b) da LSG sinala que deben someterse ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica os plans xerais de ordenación municipal.
- 3 O artigo 60.4 da LSG, establece que o órgano ambiental, tras someter a documentación ás consultas pertinentes, formulará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.
- 4 A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 130/2020, do 18 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.





## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

### 1. **Ámbito de actuación e principais características ambientais**

O municipio de Vigo está situado no suroeste da provincia de Pontevedra, na marxe sur da Ría de Vigo. O concello é parte central da grande rexión urbana Vigo-Pontevedra definida nas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), pois con 295.364 habitantes (IGE 2019) alberga a maior cidade de Galicia.

No ámbito económico Vigo insírese nunha área de marcado carácter industrial, debido á presenza da factoría Citroën na Zona Franca de Vigo e o Clúster do automóbil que se desenvolveu na súa contorna, a importancia do sector naval, o forte desenvolvemento das industrias de transformación de produtos do mar ou a dinámica do propio Porto de Vigo, complementado polo desenvolvemento dun potente sector terciario que inclúe servizos avanzados e número crecente de empresas en sectores I+D+i e Tics vinculadas aos labores de investigación da Universidade (Campus de excelencia).

A cidade de Vigo e o seu amplo espazo periurbano condicionan notablemente as paisaxes da ría, que teñen como característica definidora a intensa urbanización do territorio. Unha coroa montañosa pecha a modo de anfiteatro o val no que se asenta a cidade e marca os límites do municipio.

As principais infraestruturas viarias que articulan o territorio e establecen as comunicacións co exterior prodúcense pola vía litoral (AP-9) e polos pasos de Peinador (N-555), Puxeiros (A-55) e A Pasaxe (AG-57).

O territorio municipal está inserido na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa. A rede hidrográfica principal está constituída polos ríos Verdugo, Lagares e Miñor, que desembocan na Ría de Vigo. O sistema fluvial do Río Lagares drena a maior superficie do concello e desemboca na praia de Samil; malia que se trata dun sistema fluvial coas condicións hidromorfolóxicas moi degradadas por múltiples accións antrópicas, articula unha serie de zonas húmidas e espazos naturais de gran valor como a Xunqueira do Lagares, Goberna, Muíños, A Bouza, a confluencia do rego Barxa co Lagares, etc.

O sistema de abastecemento da área urbana de Vigo sévese fundamentalmente da auga do encoro de Eiras (Río Oitavén) e, en menor medida, do encoro de Zamáns e de mananciais (Bembrive-Beade-Valadares). En materia de saneamento hai en Vigo tres concas vertentes: a da marxe da ría, a do río Lagares e a da costa Oia-Saiáns. A rede de saneamento de Vigo é na actualidade fundamentalmente de tipo unitario nas zonas máis densas; a rede conduce a tres estacións depuradoras: a EDAR de Teis, a EDAR de Gondomar (sanea parte da parroquia de Zamáns) e mais a EDAR do Lagares (grande infraestrutura situada na desembocadura do río Lagares na praia de Samil, na que conflúen os colectores de marxe da ría, de marxe do Lagares e, por bombeo, o de Saiáns).

Vigo conta con 46 km de costa nos que se suceden 38 areais (aos que habería que sumar as praias das Illas Cíes). Entre eles destaca polas súas dimensións a praia de Samil, situada ao norte da desembocadura do Río Lagares e categorizada no POL como praia periurbana, e polos seus valores naturais e paisaxísticos a praia de Rodas nas Illas Cíes.

Os espazos protexidos no municipio están representados polo arquipélago das Illas Cíes, integrado no Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas dende o ano 2002 e tamén na Rede Natura 2000 por ter sido declarado zona de especial conservación (ZEC) e zona de especial protección para as aves (ZEPA), así como polo espazo natural de interese local “Complexo duna e areal do Vao-Baluart” declarado con carácter provisional no ano 2013. Asemade, o “Espazo mariño das Rías Baixas de Galicia”, lindeiro coas Illas Cíes e o litoral das parroquias de Oia e Saiáns, foi declarado no ano 2014 polo Ministerio ZEPA en augas mariñas.

Fóra dos espazos protexidos, e malia a intensa e difusa ocupación do territorio con usos urbanos residenciais e industriais, Vigo presenta aínda zonas con paisaxes e patrimonio natural con valor destacado.





No POL foron delimitados os espazos de interese paisaxístico das Illas Cíes e A Guía, mentres que no Catálogo das Paisaxes de Galicia delimitáronse tres áreas de especial interese paisaxístico: Monte Alba (AEIP\_08\_19), Serra do Galiñeiro (AEIP\_08\_20) e Ribeiras do Río Eifonso (AEIP\_08\_18).

Os humidais costeiros con vexetación palustre de gran porte constitúen áreas de distribución potencial da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) mentres que nas Illas Cíes foron delimitadas dúas áreas prioritarias de conservación da píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.), especies de aves que contan con plan de recuperación e plan de conservación aprobados respectivamente. No concello hai sete árbores ou formacións arbóreas incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras (está en tramitación a solicitude de inclusión da Carballeira do Monte da Guía), que se complementan cos 2.795 exemplares rexistrados no “Catálogo de árbores singulares do Concello de Vigo”. O Inventario de Humidais de Galicia recolle en Vigo tres humidais: encoro de Zamáns, Xunqueira do Lagares e Gándara; hai ademais no municipio outros humidais de alto interese ecolóxico, paisaxístico e cultural.

Por outra parte, no territorio municipal, igual que acontece no conxunto da rexión urbana, hai serios problemas ambientais, entre outros destacan a elevada fragmentación do territorio orixinada polo desenvolvemento de infraestruturas e a expansión urbana descontrolada, a ocupación destrutiva do litoral, a contaminación das augas e a degradación dos ecosistemas fluviais e humidais, así como a proliferación de especies exóticas invasoras.

O termo municipal de Vigo posúe un rico e variado patrimonio cultural, froito da súa propia evolución histórica e da súa antiga ocupación. Como exemplo, conta con máis de cento cincuenta xacementos arqueolóxicos, hai inventariados 1.665 hórreos, 8 petos de animas e 35 cruceiros e cruces de distinta antigüidade e estado de conservación, existen numerosas edificacións de distintas épocas históricas e distintos estilos arquitectónicos con valor destacable. O Camiño de Santiago, Camiño Portugués pola costa, discorre polo termo municipal de Vigo, se ben non conta cunha delimitación definitivamente aprobada.

## 2. Obxectivos do planeamento, alternativas e proposta inicial

### Obxectivos do planeamento

No borrador (pto. 2.2 da Memoria xustificativa) e mais no documento inicial estratéxico (pto. 3.1 e 3.2) recóllese unha serie de obxectivos xerais de ordenación e obxectivos ambientais que se pretenden. Os obxectivos ambientais son xenéricos e relaciónanse por variables ambientais, tomando como referencia os criterios de sustentabilidade ambiental –de carácter orientativo– definidos pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático. En canto a obxectivos e liñas estratéxicas de ordenación, exprésanse nos seguintes termos:

- Normalizar a situación urbanística xerada tras a sentenza anulatoria do plan xeral do 2008, adaptando o PXOU de 1993 ao novo marco legislativo e resolvendo as súas deficiencias a nivel estratéxico, estrutural e regulador.
- Confirmar o papel da cidade no sistema urbano galego e no recurso transfronteirizo que se proxecta directo ao Miño e á estrutura do Eixo Atlántico Rexional Galicia-Norte de Portugal.
- Reconciliar a cidade coa súa xeografía, reforzando a directriz de desenvolvemento leste-oeste onde cobra singular importancia o curso do río Lagares.
- Consolidar a cidade central alongada como realidade policéntrica, apostando pola compacidade, con prioridade para a ocupación dos baleiros.
- Completar e mellorar as infraestruturas urbanas –grises e verdes–, adaptándoas ao novo modelo de ordenación.





- Implementar políticas de solo industrial para as necesidades actuais e futuras a escala metropolitana, aspirando a acoller industrias e servizos máis tecnolóxicos e funcionalmente imprescindibles por razóns da proximidade que demandan as cadeas establecidas.
- Ordenar o solo urbano difuso, acadando un grao de urbanización razoable, economicamente admisible e socialmente cohesivo.
- Recuperar a escala da cidade posible, o que esixe priorizar as opcións a través dunha estratexia de actuación realista e axeitada ao novo modelo de desenvolvemento proposto.
- Articular unha estrutura dotacional, urbana e territorial, capaz de dar cobertura á cidade en presenza e á prevista nas súas determinacións.

### Alternativas

O borrador e o documento inicial estratéxico analizan 3 posibles alternativas de planeamento:

- A alternativa 0, que consistiría en dar continuidade ás previsións do PXOU vixente aprobado en 1993, dando continuidade a un modelo territorial inexecutable ou esgotado en múltiples aspectos, e en calquera caso á marxe da evolución legislativa e sectorial dos últimos anos, así como do actual contexto socioeconómico e territorial;
- A alternativa 1, que propón desenvolver unha ordenación territorial moi semellante á prevista no PXOM de 2008 pero adaptado ao contexto normativo, social e económico actual;
- A alternativa 2, que suporía adaptarse ao actual marco legislativo e revisar as determinacións de ordenación previstas nos plans xerais do 1993 e do 2008 así como no Instrumento de ordenación provisional recentemente aprobado, procurando acadar un planeamento ben dimensionado que teña en consideración a compoñente ambiental, paisaxística e xeográfica que condiciona a forma urbana da cidade. A proposta pretende ademais aproveitar posibles novos enclaves de oportunidade na área metropolitana.

Proposta inicial. Inicialmente óptase por desenvolver a alternativa 2 indicada.

Para dimensionar o plan xeral no Borrador realízase unha proxección demográfica que eleva a un mínimo de 304.640 e un máximo de 319.675 habitantes a poboación municipal no ano 2041 (horizonte temporal do plan), o que supón un aumento demográfico previsto de entre 3,14% e 8,2%. Baixo o escenario de crecemento poboacional máximo, estímase que a demanda de vivenda esperada para o ano 2041 ascendería ás 31.460 vivendas e as necesarias ata o ano 2050 (para dar cobertura á entrada en carga da seguinte revisión do Plan) outras 13.572.

En canto ás necesidades de solo para actividades produtivas, no apartado 15.2 da parte informativa do Borrador avalíanse as necesidades de solo produtivo a partir da análise realizada no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais aprobado no 2014, no que se pula por unha resposta no contexto de área funcional, neste caso a de Vigo. Na área funcional de Vigo as necesidades estímase nun total de 1.128 ha de superficie bruta para un escenario de desenvolvemento acorde ás características de Vigo, localizándose no municipio central 264,65 ha.

En liñas xerais, a proposta de ordenación formulada no borrador contempla:

- **Clasificación do solo.** Clasifícase como solo urbano o 39% do territorio municipal (4.260 ha), do cal 3.967 ha corresponden a solo urbano consolidado (SUC) e 293 ha a solo urbano non consolidado (SUNC). O solo urbanizable (SUB) abrangue 557 ha (5% do municipio), o solo rústico 6.031 ha (55%) e o solo de núcleo rural 62 ha (0,6%).

En total delimitáanse 158 ámbitos de desenvolvemento urbanístico, dos cales 117 están en solo urbano non consolidado (103 residenciais, 2 residencial-terciario, 3 terciario, 8 terciario-industrial e 1 dotacional) e 41 en solo urbanizable (21 residenciais, 5 terciarios, 14 industriais e 1 dotacional).





Na ordenación proposta identifícanse e delimitáanse sete (7) núcleos rurais, seis na parroquia de Zamáns (A Igrexa, Marcosende, Vilaverde, Cidáns, Vilariño, Casal de Abade e tramados de núcleos en contacto co núcleo de Erville do concello de Mos) e un na de Coruxo (Fragoselo).

A categorización de solo rústico no borrador do PXOM parte da consideración de que a importancia desta clase “transcende a das diferentes políticas sectoriais, algunhas delas pendentes de desenvolvemento” (apartado 3.5 da Memoria xustificativa).

Como exemplo: malia que non hai terreos concentrados no municipio de Vigo no Borrador categorízanse como solo rústico de protección agropecuaria “aqueles ámbitos de boa aptitude agraria e vinculación co sistema ambiental municipal”; categorízanse como solo rústico de protección de espazos naturais, ademais dos terreos do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, “espazos capaces de acoller ámbitos de interese natural de carácter local”; categorízanse como solo rústico de protección paisaxística as áreas de especial interese paisaxístico do Catálogo das Paisaxes de Galicia e do POL (agás o espazo das Illas Cíes), pero tamén aquelas áreas que poidan ser consideradas como tal (Monte de Coruxo e contorno do parque zoolóxico da Madroa).

CATEGORIZACIÓN DO SOLO RÚSTICO <sup>1</sup>	
Categoría do solo rústico	Superficie (ha)
Solo rústico de protección ordinaria (SRPO)	372 ha
Solo rústico de especial protección agropecuaria (SRPAG)	1.155 ha
Solo rústico de especial protección forestal (SRPF)	2.373 ha
Solo rústico de especial protección espazos naturais (SRPEN)	1.140 ha
Solo rústico de especial protección paisaxística (SRPPX)	540 ha
Solo rústico de especial protección patrimonial (SRPPC)	59 ha
Solo rústico de especial protección de augas (SRPAU)	906 ha
Solo rústico de especial protección de infraestruturas (SRPI)	1.140 ha
Solo rústico de especial protección de costas (SRPC)	669 ha

- **Desenvolvemento residencial.** Para dar resposta á demanda estimada de vivenda ata o ano 2050 (unhas 45.000 novas vivendas) proxéctanse catro principais áreas de crecemento e expansión da cidade:

- Samil-Alcabre, gran ámbito de expansión cara a praia de Samil, en prolongación da actuación en Navia; créase un novo viario en segunda liña de costa da praia que permita reacondicionar a actual fronte marítima coa recuperación paulatina do sistema dunar; prevese un novo parque urbano (zona verde de 130.500 m<sup>2</sup>) en contacto coa avenida de Europa.
- Arquitecto Palacios-A Salgueira, que consolida a cidade continua no bordo sueste da Gran Vía ata a avenida Arquitecto Palacios; a proposta de ordenación debe garantir a permeabilización da avenida Arquitecto Palacios en relación co eixe do Lagares, así como a prolongación do sistema ambiental cara o interior da cidade.
- Ofimático-Sárdoma, prolonga e completa a trama urbana densa do Calvario máis aló da avenida Martínez Garrido, formalizando unha nova fachada urbana á avenida de Madrid.

1 Datos obtidos a partir da cartografía vectorial remitida polo Concello. As superficies recollidas na táboa non suman, xa que non se contempla a superposición entre diferentes categorías de solo rústico.





- Lavadores-Inmaculada-San Xoán, que se configura como xanela de relación entre estes tres barrios, prolongando o sistema ambiental do río Lagares cara o interior da cidade continua.

Complementariamente tamén se delimitan sectores de desenvolvemento residencial de menor entidade no agregado urbano litoral, tanto na zona de Teis como na de Saiáns-Oia.

**- Desenvolvemento industrial.** No borrador do PXOM plantéxase o seguinte:

- Clasificar como solo urbanizable para acoller novas actividades empresariais con dous criterios: primeiro reforzar, consolidar e ampliar os espazos xa implantados de Balaídos e do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares; segundo, crear novas áreas de implantación con boas condicións de accesibilidade, extensión suficiente e inserción topográfica axeitada, situándoas no contorno do parque empresarial da Pasaxe (no límite con Gondomar), no contorno de Puxeiros-Mos, en Ameal (en contacto con Redondela) e na Sobreira (a carón do Campus Universitario).
- Establecer as condicións necesarias para a reconversión e recualificación de tecidos urbanos industrial existentes, algúns deles de carácter informal, o cal podería supor unha superficie neta empresarial de 500.000 m<sup>2</sup>.
- Desenvolver áreas de actividade cualificadas como terciario-dotacional-empresarial, singularmente na nova área direccional do Meixoeiro e no contorno da avenida de Madrid.

**- Zonas verdes e espazos libres públicos.** No Borrador maniféstase que o sistema xeral de zonas verdes e espazos libres públicos existente é insuficiente para acadar os estándares de sustentabilidade. En consecuencia, propón dúas liñas de actuación: por unha banda integrar os principais conectores ecolóxicos da cidade con propostas para a formación do Parque Lineal do Lagares e do Rego da Presa; por outro formalizar parques urbanos recualificando espazos da trama que xeran enclaves de interese –parques da avenida de Europa, Entrevías en Teis, Monte da Mina, Rego da Barxa, Lagares-Sárdoma, Lagares-rúa Severino Cobas, e Lagares-Álvarez–.

**- Equipamentos.** A cidade de Vigo, centro da súa área urbana e polo da rexión Metropolitana, presenta unha oferta dotacional ampla e diversificada. As propostas formuladas no borrador baséanse en buscar solucións para a implantación de novas instalacións deportivas a escala municipal e tamén en reutilizar pezas singulares para a cidade polo seu valor emblemático. Así, complétase o sistema xeral de dotacións públicas con varias reservas de solo para uso múltiple: antiga Panificadora, antigas instalacións de Alfageme en Beiramar, complexo deportivo en Matamá, biblioteca Camiño do Chouzo, reserva de solo urbanizable para usos deportivos de apoio ao Celta (sector EQ.A; 106.522 m<sup>2</sup>), etc.

**- Infraestruturas de redes de servizos de abastecemento e saneamento.** En materia de abastecemento, e en liña coas propostas formuladas no *Avance do Plan Director de Abastecemento de Vigo* redactado no ano 2003, o borrador do Plan xeral sinala que é preciso realizar actuacións de ampliación e mellora das infraestruturas de captación, almacenamento, tratamento e distribución de auga. Algunhas das actuacións son as seguintes: aumentar a capacidade da sección do túnel de Amoedo na adución da canle de Eiras; ampliar e mellorar o tratamento nas ETAP (O Casal e Valadares); nova rede primaria primaria semiperimetral sur de alta capacidade que rodee a cidade de Vigo desde a ETAP do Casal, Sampaio, Santa Mariña, Cotogrande, Campaneiro e Saiáns; renovar e rehabilitar as redes primarias existentes (conducións desde ETAP de Valadares e O Casal, e desde mananciais) e a condución desde a almenara do Facho ao depósito do Castro; mellorar e ampliar o almacenamento de auga (novos depósitos e mellora dalgúns dos existentes).





Tendo en conta o recollido no *Avance do Plan Director de saneamento* do ano 2006, a principal proposta para o saneamento é a de implantar unha rede separativa, convertendo a rede actual unitaria en rede de augas residuais e implantando unha nova rede de augas pluviais paralela que na medida do posible aproveite os leitos de canles fluviais existentes, restaurando incluso aquelas perdidas por procesos de entubado nos lugares onde sexa posible. Os novos desenvolvementos implantarán paulatinamente esta rede separativa.

- **Sistema xeral viario.** Incorpora tanto as novas actuacións de acceso á cidade, como as propostas de integración, complemento e coordinación das mesmas coas actuacións de desenvolvemento previstas.

A proposta establece diferentes niveis de actuación; nun primeiro estarían as actuacións de accesibilidade territorial, correspondentes coa autovía A-59 (Vilaboa-Peinador-Os Valos) e a variante da autovía A-55 (Vigo-Porriño); nun segundo coas propostas de remodelación das vías de acceso á cidade dende os corredores rexionais, como o treito da AP-9V (Bos Aires-Estación de Urzáiz), a remodelación e humanización da avenida de Madrid e a mellora da permeabilidade no segundo cinto; nun terceiro nivel estaría unha nova rolda de circunvalación intermedia entre a A-55 (avenida de Madrid)-segundo cinto –Nó da Balsa–; no cuarto e último nivel as actuacións están referidas ao sistema urbano estruturante, afectando polo suroeste ás estradas PO-552 e PO-325, polo sur á estrada Vincios e avenida de Castrelos, polo leste á antiga estrada nacional, á avenida Ramón Nieto e á avenida do Aeroporto, e polo norte ás estradas N-552 (conexión con Redondela) e á PO-323 (Chapela-avenida Sanjurjo Badía).

### 3. Consultas realizadas

En cumprimento do disposto no artigo 60.4 da LSG, realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste documento de alcance:

	Recibido	Non recibido
<b>Organismos estatais</b>		
Demarcación de Estradas do Estado en Galicia	x	
Demarcación de Costas do Estado en Galicia	x	
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil		x
Autoridade Portuaria de Vigo	x	
Dirección Xeral de Aviación Civil	x	
Dirección Xeral de Planificación e Evaluación da Rede Ferroviaria	x	
Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF)	x	
<b>Organismos autonómicos</b>		
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Augas de Galicia		x
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	x	
Dirección Xeral de Ordenación Forestal		x
Dirección Xeral de Defensa do Monte		x
Axencia Galega de Infraestruturas	x	
Dirección Xeral de Mobilidade	x	
Subdirección Xeral de Administración Industrial	x	





Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación	x	
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior		x
Portos de Galicia		x
Instituto Galego da Vivenda e Solo	x	
Deputación Provincial de Pontevedra		x

Asemade, o borrador do plan xeral e mais o documento inicial estratéxico estiveron publicados durante dous meses na páxina web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental.

O promotor deberá considerar na elaboración do planeamento as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas (para elo achéganse os textos íntegros recibidos). En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións ambientais formuladas:

#### - Demarcación de Estradas do Estado en Galicia

Informa de que o PXOM debe conter un “estudo de tráfico e capacidade” que permita avaliar a afección e impacto na Rede de Estradas do Estado (art. 22 do RDL 7/2015 e art. 36.9 da Lei 37/2015 de estradas). Parece lóxico que este “estudo de tráfico e capacidade” se integre nun estudo de mobilidade máis amplo no que se analicen os fluxos existentes e previstos dende unha perspectiva intermodal e multimodal.

#### - Dirección Xeral de Aviación Civil

Manifesta que non ten observacións nin suxestións que realizar en relación co procedemento de avaliación ambiental estratéxica. En todo caso, o plan urbanístico deberá ter en conta as limitacións impostas tanto polas servidumes aeronáuticas do aeroporto de Vigo como pola zona de servizo aeroportuario e as pegadas de ruído do dito aeroporto, e emitirase informe preceptivo e vinculante ao respecto *cando o Concello o solicite de maneira oficial*.

#### - Demarcación de Costas do Estado en Galicia

Solicita que, para poder informar, se lle remita a documentación en lingua castelá.

#### - Autoridade Portuaria de Vigo

A Delimitación de espazos e usos portuarios (DEUP) aprobada por Orde FOM/822/2015, do 13 de abril, foi anulada por sentenza do 04.12.2017, e informa de que se iniciou o procedemento de tramitación ambiental estratéxica dunha nova DEUP do Porto de Vigo. Para a coordinación do PXOM co dito documento, achégase a proposta de delimitación de espazos portuarios coa proposta de afectacións e desafectacións ao dominio público incluída no borrador de DEUP.

O PXOM debe limitarse a cualificar a zona de servizo portuario como sistema xeral portuario, que será desenvolvido posteriormente mediante un plan especial (art. 56 do RDL 2/2011).

Considérase positiva a inclusión do enlace entre a autoestrada AP-9 e a Avda.de Buenos Aires, xa que facilitará enormemente o acceso ás instalacións portuarias na zona de Rios-Teis.

No PXOM menciónase que se prevé destinar a zona ferroviaria lindeira coa zona de servizo portuario en Guixar a un metro lixeiro ou unha vía verde. Tales terreos foron cedidos a ADIF para destinalos a unha terminal ferroviaria que dese servizo intermodal ás instalacións portuarias e advirte de que calquera outro uso que se lle pretenda dar provocará a súa reversión á Autoridade Portuaria.

O PXOM propón rexenerar a zona de Guixar transformando os usos industriais existentes en usos terciarios e residenciais. A Autoridade Portuaria expón a posibilidade de xerar unha zona de apoio ás terminais intermodais existentes tanto portuaria como ferroviaria, mantendo os usos industriais e xerando unha zona de interacción co tecido urbano máis denso (cinto verde).







O organismo competente para catalogar os bens patrimoniais incluídos no dominio público portuario é o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, posto que son bens de titularidade estatal.

#### **- Dirección Xeral de Planificación e Evaluación da Rede Ferroviaria**

Fai referencia á lexislación sectorial ferroviaria estatal no referente á zona de dominio público, á zona de protección e á liña límite de edificación, así como ás liñas ferroviarias en servizo no termo municipal. Sinala que a curto/medio prazo non hai previstas actuacións no ámbito do plan.

Fai constar que na documentación gráfica non se definen claramente as zonas de protección, lembrando a necesidade de facer referencia ás mesmas (zona de dominio público, de protección e límite de edificación), así como definir as limitacións á propiedade. Recomenda incluír unha sección transversal representativa da zona de estudo para asegurar o cumprimento da lexislación ferroviaria.

Lembra a necesidade de cualificar como sistema xeral ferroviario ou equivalente, os terreos ocupados polas infraestruturas que formen parte da rede ferroviaria de interese xeral.

Advirte que se ben a memoria xustificativa do borrador sinala que os citados terreos serán definidos como SRPI, os planos de ordenación recollen tamén a cualificación como sistema xeral ferroviario. Ademais tamén indica que non se grafan completamente os terreos que forman parte da rede ferroviaria de interese xeral.

#### **- Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF)**

Salienta que, en termos xerais, o documento fai un tratamento correcto das instalacións ferroviarias.

Advirte que a praza da Estación Vigo Urzáiz, recollida como sistema xeral de espazos libres e zonas verdes, son de titularidade de ADIF, sendo preciso arbitrar o proceso de obtención de ditos terreos.

Lembra que está pendente de redacción o estudo informativo para a execución da saída sur no túnel do Eixo Atlántico ferroviario, que determinará a condición de estación pasante de Urzáiz, e atópase inicialmente prevista a estación de Vigo-Sárdoma.

Sinala que ningún dos dous tramos que discorren polo concello dispón de mapa estratéxico de ruído ao non ser considerados grandes eixos ferroviarios por non alcanzar as 30.000 circulacións anuais.

Informa que se contemplan zonas urbanas non consolidadas e urbanizables próximas ás infraestruturas ferroviarias, nas que poderían producirse afeccións por ruído e/ou vibracións. Nestas zonas deberán realizarse estudos acústicos vinculados aos proxectos de urbanización e verificar que os proxectos de edificación levan incorporadas as medidas para cumprir cos niveis de ruído e vibracións dentro das vivendas. Así mesmo, previamente á concesión da cédula de habitabilidade, comprobarase o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica.

Suxire que as actividades que se pretendan situar nesta zonas, non deberían ser especialmente sensibles ao ruído e as vibracións que producen as circulacións ferroviarias xa existentes. Insta a que nas fachadas das novas edificacións que se constrúan teranse que cumprir os obxectivos de calidade acústica establecidos na normativa sectorial, sendo responsabilidade dos promotores considerar as medidas oportunas para alcanzar estes niveis.

Finalmente lembra a necesidade de respectar as zonas de protección ferroviaria, así como as limitacións de uso que nelas existen.

#### **- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**

Prevese un aumento no número de vivendas que excede as previsións demográficas do propio documento e as dinámicas edificatorias do período 2001-2011.

Cos datos dispoñibles, non se xustifica o uso industrial no SUNC 08.05 nun contorno residencial con tipoloxía de vivenda unifamiliar. Respecto do uso terciario, a ordenanza aplicable deberá garantir o





cumprimento do artigo 91.c da LSG e 216.3.c do RLSG de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

O plan deberá establecer unha estratexia de desenvolvemento coherente dos ámbitos de SUNC (artigo 59 da LSG e 143 do RLSG) que priorice a compactación das zonas máis densas da estrutura urbana (cidade central) fronte a ámbitos menos compactos en posicións periféricas, primeira periferia e zonas exteriores (determinación 3.1.5.d das DOT).

Ao abeiro do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOATEG), na súa condición de instrumento de ordenación do territorio, o PXOM deberá clasificar os terreos das actuacións previstas como solo urbanizable.

As reservas de solo industrial e terciario fóra do ámbito do PSOATEG deberán acreditar a súa necesidade a través dun estudo de demanda local que xustifique a súa clasificación: sector 10.02 no contorno do Polígono de Miraflores; sector 11.04 no contorno da Avenida de Madrid; sector 10.06 na zona de Balaídos e sector 12.03 no contorno da A-55, estrada ao Porriño (uso industrial), así como sector 07.02 na zona de Alcabre-Navia-Rocío; sector 12.02, sector 12.04 e sector 07.06 no barrio de Balaídos (uso terciario).

Non procede a clasificación dos seguintes sectores de solo industrial/terciario, todos fóra do ámbito do PSOATEG, por non supoñer un desenvolvemento sustentable do territorio (artigo 5.e da LSG e 8.e RLSG) nin garantir unha adecuada inserción do sector dentro da estrutura urbanística do PXOM (artigo 44.2 da LSG e 79.2.a) do RLSG): sector 16.01 desvencellado dos desenvolvementos empresariais existentes; sector 16.05 no Chan da Seca; sector 20.02 no alto do Faquiño no contorno directo do núcleo de Becerreira, todos eles con uso forestal segundo o plano de riscos do borrador (serie PINF\_21).

Ao abeiro do artigo 59 da Lei 7/2012, de Montes de Galicia, en consonancia co disposto na Lei 43/2003, de Montes, en terreos afectados por incendios forestais, non poderá producirse un cambio de uso en trinta anos, salvo as excepcións contempladas no dito artigo. Coa información dispoñible (serie PINF-5MONTES) ocupan terreos incendiados os seguintes sectores urbanizables: 07.01, 07.03, 12.02, 16.04, 16.01, 16.05 e EQ.A (os últimos de forma íntegra).

Os solos urbanizables propostos invaden terreos que deben de ser clasificados segundo o artigo 34.2 da LSG como solo rústico de especial protección. O PXOM só poderá excluír desta clase de solo os ámbitos que resulten necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional, requirindo o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial (artigo 34.5 da LSG).

Deberá representarse nos planos de ordenación dos núcleos as aliñacións propostas que, en xeral e en consonancia co disposto nos artigos 40.e e 40.g do RLSG, deben respectar os muros tradicionais e as construcións existentes que presenten especial valor arquitectónico, histórico ou etnográfico. A tal efecto, o documento indicará nos planos de información os muros tradicionais de rúeiro existentes segundo o indicado nas fichas do AMAP e no seu caso revisará as aliñacións propostas no núcleo rural de Fragoselo.

O borrador do PXOM non ten o seu contido plenamente adaptado á LSG nin ao RLSG en canto á clasificación e categorización do solo rústico. O PXOM delimitará as distintas categorías de solo rústico de conformidade cos artigos 33 e 34 da LSG e 48 e 49 do RLSG.

O PXOM deberá realizar un estudo da paisaxe do seu ámbito territorial e un estudo da paisaxe urbana (artigos 35 e 36 do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia), que se incluírán entre os documentos informativos e de diagnose exixidos.

Preservar a área de protección costeira do POL da implantación de instalacións e construcións é un principio xeral recollido no artigo 35 c) da normativa do POL. Por conseguinte, evitarase a ocupación dos terreos de forte pendente cara ao mar comprendidos entre a Travesía de Espiñeiro e a praia da Manguíña, ocupados por unha masa de vexetación de recolonización. Agás pequenos desaxustes,





que cómpre revisar, o resto da área de protección costeira está incluída no solo rústico de especial protección de costas, seguindo o disposto no artigo 34.2c) da LSG.

Na área de mellora ambiental que o POL delimita na unidade de paisaxe de Samil, o PXOM clasifica unha importante superficie como solo urbanizable (sectores 7.01, 7.07 e 7.08) e SUNC (7.04) cunha ordenación extensiva que tende a colmatar pola urbanización o espazo libre restante. Cómpre avaliar unha alternativa que, a través dunha maior compacidade e densidade na ocupación do solo, salvagarde as áreas vacantes existentes na área de mellora ambiental e paisaxística, tendo en conta os usos e elementos para a valoración que constan na cartografía do POL (masas de bosque de recolonización e outras formacións arbóreas que procurarán manterse). En todo caso, considérase necesario non dirixir o crecemento á zona norte deste ámbito (entre Alcabre e a costa, tomando como referencia aproximada a traza do Camiño da Garita) nin cara o sur do núcleo de Quintela (sector 7.08) en dirección ao corredor ecolóxico do Río Lagares.

Con respecto á área de ordenación litoral do POL, debe xustificarse tanto a necesidade do crecemento derivado da delimitación do solo urbanizable 9.01 como que non é posible outra ubicación dentro da área de ordenación sen que supoña un crecemento cara á costa. Cando menos, considerárase non ocupar a parte sur, tras as praias do Apio e Canto de Area, na que non existe solo urbano interposto entre o ámbito e o litoral.

Parte do solo urbano non consolidado SUNC 09.01 está afectado por un corredor ecolóxico identificado no POL, esta superficie debe dedicarse aos sistemas xerais ou locais de espazo libre (artigo 66 do POL), agás que se proceda á redelimitación do corredor seguindo o procedemento recollido no artigo 14.

Ademais das Illas Cíes, o único espazo de interese identificado no POL é o espazo de interese paisaxístico do Monte da Guía que, fóra do solo urbano, debe incluírse na súa totalidade dentro do solo rústico de especial interese paisaxístico. Enténdese que os ámbitos de SUNC 14.06 e 14.07 son admisibles dentro da excepcionalidade que contempla a normativa do POL.

Será obxecto do plan xeral a delimitación dos núcleos de identidade do litoral de Alcabre, Bouzas e Vigo (artigo 69 do POL); asemade, establecerase a figura pola que se concretará o seu desenvolvemento, conforme aos principios xerais establecidos no artigo 42 do POL.

O PXOM prestará especial atención á ordenación do contorno das praias establecendo as determinacións precisas, acordes aos artigos 85, 87, 88, 89 e 91 do POL, para o mantemento do seu carácter, para o que poden preverse plans especiais de ser preciso. Debe realizarse un estudo de capacidade de carga sobre o que fundamentar as necesidades de aparcamento das praias periurbanas e rurais e, no seu caso, deducir as dotacións necesarias (art. 90 POL) que deben situarse preferentemente nos núcleos próximos, de ser viable, xerando as mínimas afeccións.

Suxírese que o PXOM recolla na cartografía e memoria o tramo da Senda dos Faros que atravesa o concello, incorporando o seu trazado con carácter orientador ata que se aprobe o plan ou plans especiais que desenvolvan esta senda, co obxecto de que o seu futuro non se vexa comprometido.

#### - Instituto de Estudos do Territorio

O estudo da paisaxe do PXOM pode considerarse, en xeral, correcto, pero precisa ser completado ou mellorado completando a cartografía informativa (plano nº 17) e realizando un estudo sobre a paisaxe urbana (axustado o establecido no artigo 36 do Regulamento da Lei 7/2008, sen prexuízo de que se poida consultar para tal fin a *Guía de estudos da paisaxe urbana*).

As actuacións en solo urbano consolidado xunto coas actuacións de dotación, reforma ou urbanización que completen a malla urbana existente, son as máis adecuadas para mellorar o estado das paisaxes urbanas, e por outra banda permiten preservar espazos menos transformados, cuxa contribución na consecución dunha adecuada estrutura territorial pode ser moi importante. Por conseguinte, sería moi positivo que o PXOM fixase unha estratexia de desenvolvemento na que se





prime a execución da ordenación en solo urbano consolidado e as actuacións en solo urbano non consolidado.

A ordenación que recolle o borrador responde razoablemente ben á complexa realidade paisaxística do territorio do concello, se ben pode mellorarse en diversos aspectos:

No solo urbano:

- Deberá prestarse especial atención á rehabilitación e rexeneración urbana dos barrios históricos da cidade (Casco Vello, o Berbés, barrio do Cura) así como dos primeiros ensanches e aos núcleos tradicionais hoxe integrados na contorna urbana;
- Na avenida de Beiramar deberán adoptarse as oportunas cautelas para preservar os valores industriais existentes e acoller novos usos integrados paisaxisticamente na fachada litoral, sen prexuízo de actuacións singulares que dinamicen esta zona portuaria;
- Deben atenderse de forma especial os numerosos puntos onde actualmente se produce unha transición brusca entre diferentes tipoloxías de edificación, en particular aquelas zonas que conforman fachadas urbanas destacables;
- A ordenación detallada dos asentamentos situados nas parroquias da periferia urbana deberá ser congruente co seu carácter, en canto á tipoloxía e composición das edificacións, presenza de certos elementos de interese e a relación co solo rústico da contorna;
- Os usos e as tipoloxías previstas para os SUNC deberían establecerse en atención á realidade da súa contorna, para procurar unha paisaxe resultante ben integrada e harmoniosa.

No solo urbanizable:

- Reitérase a conveniencia de que o PXOM estableza unha estratexia temporal para o seu desenvolvemento do solo urbanizable residencial acorde e subordinada ás actuacións necesarias en solo urbano;
- O sector 07.08 Samil-Redondo localízase nunha zona de bordo, en contacto co solo rústico de protección de espazos naturais da Xunqueira do Lagares, polo que ordenación deberá ter especial coidado no remate desta área;
- O sector 09.01 Oia-Ricardo Mella está conformado por hortas de cultivo e ten unha interesante apertura panorámica cara o litoral, polo que o novo desenvolvemento non debería prexudicar estes valores e se debería asegurar unha adecuada conformación da nova fachada urbana;
- Nos sectores 04.01 Barrios-Carballa-Salgueira e 10.01 Estación-Avenida de Madrid-Campelo debe estudarse a correcta inserción topográfica, distribución de volumes edificadas, alturas máximas e medidas de amortecemento con arboredo, pois este sector conforma unha importante fachada urbana interior cara a avenida Arquitecto Palacios;
- No desenvolvemento do sector 14.01 Ríos-Mariña Española-Caxide deben considerarse as aperturas visuais cara ao mar e a apertura de vistas cara o litoral dende a AP-9, N-552 e Avenida de Galicia;
- O sector 12.04 Recaré-Ferreiras configúrase como un enclave terciario entre áreas residenciais e sobre unha zona de carácter natural cunha certa visibilidade dende a A-55, polo que pode supor unha fragmentación paisaxística que non está xustificada como necesaria dado que existen alternativas de crecemento do actual polígono industrial (o sector terciario 12.02) sobre terreos lindeiros con el;
- O sector 16.05 Clara Campoamor-Estrada de Zamáns proxéctase nun promontorio moi exposto visualmente dende a AG-57 e o campus universitario, e cunha visibilidade moi alta dende os miradoiros de Monte Galiñeiro e de Herville-O Castro, ademais, dada a topografía da zona, o desenvolvemento do sector dará lugar a noiros e grandes movementos de terras, polo que o impacto paisaxístico será elevado;





- Os sectores 20.02 Liñeirios-Paredes-Becerreira Oeste e Leste poden producir efectos significativos sobre a paisaxe, ao situarse nunha aba do fondo escénico da cidade, e producir un novo contacto entre tecido industrial e residencial.

No solo rústico:

- Segundo os planos de ordenación urbanística o ámbito do espazo de interese paisaxístico do POL Illas Cíes non se clasifica coma solo rústico de especial protección paisaxística, o que debe ser oportunamente emendado;
- Algunhas das áreas delimitadas nos planos de información urbanística como espazos de interese paisaxístico do POL son en realidade espazos de protección de ladeira (Monte da Madroa, o Monte Vixiador, e os Montes de Coruxo e Saiáns), o que non quita que esta proposta poida considerarse xustificada;
- O estudo da paisaxe identifica lugares e tramos de itinerarios de especial interese polas vistas panorámicas que ofrecen, pero sen embargo, non se prevé a súa localización cartográfica nin se establecen medidas para preservar as vistas desde eses miradoiros.

En xeral, as delimitacións dos núcleos rurais propostas no borrador do PXOM axústanse ás áreas ocupadas polas edificacións existentes, e non implican importantes ocupacións de terreos de natureza agraria ou forestal alleos aos asentamentos.

O estudo ambiental estratéxico deberá identificar os efectos directos que o PXOM pode ter sobre a paisaxe, e describir as medidas adoptadas para evitar, reducir ou compensar tales efectos.

#### - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Sinala algúns aspectos xerais para a protección do patrimonio cultural no plan xeral, entre outros:

Posto que recentemente aprobouse o Instrumento de ordenación provisional do concello de Vigo, sometido a informe desta DXPC, deberanse ter en conta aquelas determinacións que poidan ter incidencia no novo PXOM. Atenderase ás especiais circunstancias do ámbito remitido polo PXOM ao Plan Especial do Ensanche.

Os instrumentos de planeamento urbanístico incluírán necesariamente no seu Catálogo todos os bens inmobles do patrimonio cultural situados no ámbito territorial que desenvolvan, no momento da aprobación inicial da figura de planeamento. O contido mínimo do Catálogo ven establecido nos artigos 196 a 198 do RLSG e conterá as medidas necesarias para a protección, conservación, recuperación e aproveitamento social e cultural dos referidos elementos. Tanto os bens catalogados como o seu contorno de protección, deberán representarse correctamente nos planos de ordenación do PXOM.

Recollerase o Camiño de Santiago, Camiño Portugués da costa, no PXOM coa consideración de ben catalogado coa categoría de territorio histórico, indicando a súa provisionalidade en tanto non se aprobe definitivamente a súa delimitación. En calquera caso, respecto aos Camiños de Santiago que non contén cunha delimitación definitiva, haberá que aterse ao disposto na Disposición transitoria 6ª da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG).

Na Normativa incluírase un apartado de protección do patrimonio cultural que será, xunto coas fichas do Catálogo de elementos protexidos, o marco normativo específico de protección do patrimonio cultural localizado no ámbito do PXOM.

No solo de núcleo rural tradicional delimitado deberase conservar as aliñacións existentes e xustificar a necesidade de crecemento no caso de inclusión de parcelas vacantes máis aló do perímetro edificado (núcleos rurais de Fragoselo, Marcosende, Vilariño e Casal de Abade).

Serán considerados solos rústicos de protección patrimonial os solos ocupados por xacementos arqueolóxicos (área de protección integral) situados sobre solo rústico; na serie de planos de ordenación B01\_PORD\_02CL deberase respectar este criterio.





### - Dirección Xeral de Patrimonio Natural

Achega información descritiva sobre os espazos naturais e humidais protexidos existentes no territorio municipal, así como ao respecto dos hábitats naturais de interese comunitario e prioritario, as árbores ou formacións senlleiras, ou as especies protexidas e ameazadas.

Ao respecto da proposta formulada no Borrador, sinala que:

- O estudo ambiental estratéxico deberá avaliar os efectos do plan sobre os valores naturais e da biodiversidade, propoñendo as medidas necesarias para poder reducilos, corríxilos ou compensalos;
- O SRPEN deberá incluír o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, a zona especial de conservación (ZEC) e zona especial de protección para as aves (ZEPA) Illas Cíes, e as áreas prioritarias e de presenza da pílara das dunas;
- Xustificarase a conveniencia, ou non, de incluír no SRPEN os ámbitos das áreas potenciais para a escribenta das canaveiras. As áreas potenciais da pílara das dunas, deberán incluírse nalgunha categoría de solo rústico que garanta a súa protección;
- Identificaranse os hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, co obxecto de evitar o seu deterioro, contaminación e/ou fragmentación, xustificando que a proposta non ten efectos apreciables sobre o seu estado de conservación;
- Garantírase a protección dos tres humidais presentes no concello;
- Débese verificar que se inclúen os ríos e ribeiras nalgunha categoría de solo que garanta a súa de protección;
- No PXOM deberase cumprir co disposto no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o *Catálogo galego de árbores senlleiras*.

### - Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)

Enumera as estradas autonómicas afectadas polo planeamento, anexando os criterios de ordenación e distancias mínimas precisas para o mantemento da seguridade viaria e a axeitada protección do dominio público viario. Indica que, con carácter excepcional, poden admitirse reducións extraordinarias das distancias –no solo urbano e de núcleo rural–, para manter fronteas consolidadas conformadas por un número significativo de edificacións, e para manter fóra delas as edificacións, muros tradicionais, ou outros elementos patrimoniais protexidos.

Lembra a necesidade de considerar as determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, sinalando en particular as 3.1.5.d), 3.1.10, 4.1.8.

Sinala que a documentación non recolle as afeccións acústicas de vías de titularidade autonómica informando que as estradas AG-57, PO-323, PO-324, PO-325, PO-330, PO-331 e PO-552, pola súa IMD, foron incluídas na elaboración dos mapas estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios.

No plan xeral, ademais da información dos mapas, deberán incluírse na parte normativa limitacións de uso derivadas do ruído, así como adaptarse á normativa sectorial, e no seu caso, aos proxectos de trazado, anteprojectos, proxectos de construción e aos proxectos sectoriais da rede viaria, aprobados pola AXI.

### - Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)

O planeamento urbanístico municipal está vinculado xerárquicamente ao PSOAEG e deberá redactarse en coherencia co seu contido; sen prexuízo de que o concello teña a facultade de programar no seu plan xeral ámbitos de solo industrial de carácter local, os cales non producirá efectos significativos sobre a planificación establecida no PSOAEG.





#### - Dirección Xeral de Mobilidade

Informa de que non ten ningunha observación que realizar.

#### - Subdirección Xeral de Administración Industrial

En referencia á empresa CLH S.A., suxeita ao *Real Decreto* 840/2015, do 21 de setembro polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, informa que o PXOM deberá ter en conta o cumprimento das distancias de seguridade dos almacenamentos de produtos petrolíferos, ademais de sinalar que a cualificación do solo debe de ser acorde coa actividade da empresa.

#### - Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación

Informa que no concello non existe ningún solo declarado como contaminado, describindo a continuación unha serie de emprazamentos que presentan afeccións ao subsolo. Ademais, xunta listaxes dos emprazamentos que teñen proxectos de recuperación voluntaria en diferente estado de tramitación.

#### - Comunidade de montes veciñais en man común de Valladares

O PXOM proxecta no Monte da Sobreira, propiedade desta comunidade de montes, un cambio de cualificación urbanística e un cambio do actual uso forestal a un uso industrial. Este cambio de uso requiriría do previo e preceptivo informe da Consellería de Medio Rural por ser a competente en material de montes.

A superficie que se pretende recualificar foi pasto dos lumes acaecidos na contorna no ano 2017, motivo polo cal está prohibido tal cambio de cualificación durante un período de 30 anos. Asemade, dita actuación incidiría de plano no esforzo rexenerador, productivo e medioambiental, que esta CMVMC está a desenvolver nesta parcela de monte. Os terreos afectados son os que maior biodiversidade de especies de alto valor medioambiental poden xerar.

#### - Comunidade de montes veciñais en man común de Teis

Os montes veciñais de Teis deben clasificarse como solo rústico co maior nivel de protección, de tal forma que se garanta o mantemento da biodiversidade e dos usos tradicionais do monte. Suxire suprimir a cualificación como sistema de espazos libres e zonas verdes a práctica totalidade do monte veciñal –SC.21.01 pb, DE.21.01 pb, DE.21.03 pb, DE.21.04 pb, ELPU.21.01 pb e ELPF.21.01 pb–, instando a que os equipamentos que se contemplan nos terreos comunais sexan cualificados como previstos.

#### - Comunidade de Augas da Sobreira

A construción dun parque empresarial no Monte da Sobreira tería un impacto paisaxístico e medioambiental brutal. Os mananciais desta Comunidade de augas que están nas inmediacións verían seriamente ameazada a súa supervivencia, nunha área especialmente sensible á diminución do nivel hídrico, que se deixa notar especialmente no período de verán e de outono, nun contexto global de muda climática.

Solicita que se desestime a incorporación no PXOM deste ámbito urbanizable e se manteña a cualificación do Monte da Sobreira como solo forestal.

#### - Asociación plataforma de afectados polo Polígono Garrida-Pasaxe

A nova ordenación do sector industrial 16.02 A Garrida pode producir efectos negativos na parroquia de Valladares, incidindo sobre a poboación –zona residencial con vivendas unifamiliares existentes–, a biodiversidade –masas forestais ao leste que actúan como pantalla vexetal, dificultade para dar continuidade á senda verde proxectada no concello–, a xeodiversidade, o solo –fomenta a fragmentación de bolsas de solo industrial e redes primarias de comunicación no concello–, a paisaxe ou o patrimonio arqueolóxico –petróglifos da Gándara, Mámoa da Gándara, o Camiño de Santiago





lindeiro e o túnel da Garrida—. Suxire evitar os usos industriais incompatibles, protexer e promover a posta en valor dos bens patrimoniais, e adoptar medidas que permitan o mantemento do uso residencial e a súa integración no tramado urbano. Propón manter a clasificación do PXOM do 2008 e no instrumento de ordenación provisional –solo urbano–.

#### **- Centro veciñal e cultural de Valadares**

Os montes da parroquia forman parte da coroa verde perimetral do concello, xogando un papel fundamental como pulmón verde e espazo de lecer da cidade. As actuacións industriais previstas na parroquia, suporán unha agresión medioambiental, con mención a dúas actuacións: a recualificación do solo industrial do SUNP PAU 1 (18.10 Garrida 3 B) do PXOU do ano 1993 –que se pretende agregar ao previsto SUNP PAU 5 (18.22 Garrida 4 B)–e que afecta ademais de edificacións residenciais, a un colexio de infantil e primaria e á dotación deportiva de maior uso da parroquia, así como a do monte da Sobreira, que supón unha perda do equilibrio medioambiental, forestal e paisaxístico.

Critica que non se analizan as vías de comunicación existentes ou as súas interconexións, non propoñendo actuacións que melloren a seguridade viaria, a canalización do tráfico, o amortecemento dos rúidos ou a contaminación orixinados pola actividade do polígono da Pasaxe, efectos que se verán agravados coa ampliación prevista. Neste sentido achega diversas propostas de mellora na conectividade parroquial.

Propón manter o contemplado no SUNP-PAU 1 con uso característico residencial, dotacional e deportivo e eliminar as previsións do anterior SUNP PAU 5 (18.22 Garrida 4 B); suprimir o sector industrial 16.05, mantendo o parque botánico asentado no monte da Sobreira como rústico de especial protección forestal; prever unha franxa ambiental que conteña o impacto da ampliación do polígono; aportar solucións que melloren a conectividade viaria da parroquia.

Demanda reservas de solo para dotacións asistenciais, educativas, deportivas e socioculturais na parroquia.

Conformar a estrada Clara Campoamor como unha via-parque que permita conectar o sistema xeral do Lagares e o do Litoral con espazos como o hospital Alvaro Cunqueiro, o parque perimetral da Universidade ou os núcleos rurais de Zamáns.

Reservar un espazo para aparcamento alternativo na zona de contacto coa parroquia de Vindos para eliminar o impacto do aparcamento dos vehículos que proveñen do Val Miñor en lugares inadecuados.

Habilitar circuitos culturais nos corredores para conectar o museo de Castrelos e o Liste cos xacementos arqueolóxicos, etnográficos e patrimoniais existentes nesta e nas parroquias limítrofes mediante a Investigación, recuperación e divulgación destes xacementos e as actividades e feitos desenvolvidos arredor destes.

#### **- Asociación veciñal, cultural e recreativa San Mamede de Zamáns**

A delimitación dos núcleos rurais da parroquia (Igrexa, Maecosende, Vilaverde, Cidáns Vilariño e Casal de Abade) en moitas ocasións non é coherente coa realidade física e xurídica. Inclúense nos núcleos vivendas de recente construción, deixando fora outras de máis de 20 anos de antigüidade ou que contan con todos os servizos. Non se entende lóxico dividir o núcleo de Casal de Abade en dúas porcións. En xeral suxire manter a delimitación dos núcleos do PXOM do 2008 con algunhas melloras concretas.

#### **- Asociación veciñal, cultural, recreativa e deportiva Nautilus**

Os terreos do antigo vertedeiro e incineradora de residuos de Vigo xunto cunha gran superficie de monte anexo pasan a clasificarse no Borrador como solo urbanizable para uso deportivo. Reclámase para esa zona o mantemento da clasificación actual do solo e una idea paisaxística para éste que







conleve a súa rexeneracion, pois debería estar chamado a ser un máis dos balcóns naturais da cidade.

#### **- Asociación Vigo Industrial**

É preciso elaborar un novo catálogo de patrimonio histórico e non unha simple revisión de erros do catálogo do PXOM do 2008. O borrador deixa fóra do catálogo importantes elementos do patrimonio industrial, como exemplos: edificio principal de Santa Clara, cheminea da fábrica da Coutada Nova, naves de Moahsa, fábrica de La Cristina, ou o edificio da Iberia Gallega en Guixar. Suxire que o novo catálogo se faga de xeito participativo, involucrando ás asociacións veciñais e aquelas relacionadas co patrimonio cultural, así como órganos consultivos como as universidades.

Achega un escrito presentado ante o Concello de Vigo no que solicitan que o novo PXOM conserve, poña en valor integramente as instalacións da conserveira de Alfageme en Bouzas, elevando a protección do edificio principal de ambiental a integral, catalogando e protexendo o resto de elementos do complexo, permitindo novos usos que sexan acordos coa conservación e aproveitamento público. É preciso cambiar o uso industrial polo de equipamento e converter en espazo público aberto o xardín e as vías internas.

#### **- Asociación Galega San Francisco**

Suxire desprazar ao leste unha vía que discorre pegada ao Complexo de San Francisco –centro no que se atende a usuarios con discapacidade intelectual–, igual ou parecido a como estaba previsto no PXOM do 2008. Esta vía, que ven do norte cara unha rotonda na Avenida de Europa, suponse que podería producir un elevado nivel sonoro asociado ao grande movemento de tráfico e afectaría ao colectivo vulnerable do centro.

#### **- Colexio Andersen Augalonga, S.A.**

A ordenación proposta na zona da Garrida, en concreto o sector industrial 16.02, suporía transformar unha zona residencial, con dotacións e servizos, nun ámbito puramente industrial e empresarial. A nova área industrial prevista non resultaría compatible co uso educativo que se está a desenvolver neste colexio.

#### **- Particulares**

A maior parte das suxestións realizadas por persoas particulares fan referencia a parcelas privadas sobre as que se solicitan cambios na categoría de solo correspondente, non aportando datos relevantes dende o punto de vista ambiental ou que contribúan á sustentabilidade da proposta. Porén, outras apuntan obxeccións ou propostas de aspectos relacionados co medio que poden ter incidencia no planeamento:

O PXOM crea un urbanismo de dúas velocidades, unha no centro da cidade e outra na periferia, carecendo das melloras necesarias para as edificacións existentes como para as que se pretenden desenvolver, a nivel de infraestruturas viarias, enerxéticas, tratamento de augas residuais e abastecemento de auga potable.

O sector de solo urbanizable 16.02 de uso industrial (ampliación do polígono da Garrida) afecta directamente a boa parte da zona residencial da Garrida-A Sobreira e non se xustifica a súa necesidade. Conlevaría impactos e efectos negativos sobre a poboación da parroquia, o solo e a paisaxe, considerándose desaconsellable a alternativa proposta no seu actual deseño.

O Proxecto de “Senda Verde”, co que pretende articular os diversos espazos de lecer e crear unha conexión entre os distintos parques forestais das comunidades de montes, pasa polo medio do sector 16.02. Asemade, existe no sector unha importante masa forestal que rodea a malla urbana e conforma unha “pantalla vexetal” que illa e protexe o conxunto de vivendas unifamiliares da área industrial de Gondomar (polígono da Pasaxe).





Advírtese un grande impacto ambiental e paisaxístico da nova vía paralela á avenida de Samil, nunha zona de costa de grande valor ambiental.

Estender a protección da zona baixa do Lagares á totalidade do afluente de Navia ata a fonte da Igrexa, suprimindo a zona de edificación dende a fonte ata a rúa Tomada. O curso do afluente ten interesantes mostras de vexetación de bosque pantanoso ligada ao curso baixo do río, sendo unha área ligada a hábitats de interese comunitario que conserva moi escasa fauna e flora pola alta degradación. Tamén existen varios ecosistemas ligados a estes medios húmidos de gran importancia para a avifauna que aninha na zona. A consideración como zona verde implica a transformación do hábitat natural, a destrución do ecosistema natural e o desprazamento da avifauna local. Esta zona verde podería circundar a zona protexida creando un cinto verde que sirva de protección do espazo natural. Eliminar a zona residencial cara a rúa Tomada e propoñer no seu lugar unha zona verde para favorecer a apertura dos espazos naturais. As edificacións deberían concentrarse na zona máis afastada do espazo natural para interferir o menos posible nas zonas de cría da avifauna autóctona.

Respectar o linde do PERI Pertegueiras do PXOM 2008 xa que parte del polígono proposto pode afectar a zonas de marisma lindeiras á Avenida Europa.

Incluír un aparcadoiro de residentes para o Casco Vello de Bouzas, ao tratarse dun casco vello peonil que non conta con prazas para residentes.

A nova vía que parte da ponte de Muíños sobre o río Lagares desmonta o terreo nunha zona lindeira coa ribeira do río (no límite da Xunqueira do Lagares), causando unha afección ambiental moi importante e irreversible. Suxírese que esta vía parta da VG-20 máis ao leste cara ao centro da cidade, por ser unha zona xa urbanizada, evitando tamén o tránsito de vehículos sobre o Lagares e preto da Xunqueira.

Reducir a dimensión da vía prevista nas proximidades do equipamento da capela de San Ignacio de Loyola en Teis ao imprescindible para acceso considerando as necesidades de ampliación do equipamento.

Incluír máis áreas verdes e árbores no barrio do Pino, acondicionado xardíns urbanos e parques, evitando novas edificacións que provoquen máis perda de zonas verdes.

Dotar dun espazo para albergar un centro socio-cultural na zona Bouza Sur –advírtese a existencia de proxectos previos elaborados polo Concello e a Deputación para a reconstrución do Colexio Alemán–.

Determinadas áreas de San Xoán (Monte do Poulo) e Figueiro poden vulnerar a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra los incendios forestais de Galicia, ao non terse en conta o risco de incendio forestal das zonas residenciais. Advírtese o incumprimento das distancias de protección da biomasa e presenza de especies prohibidas.

Dotar aos núcleos rurais de abastecemento e saneamento, preferentemente aos de Zamáns na procura de evitar posibles fugas do saneamento que contaminen a presa.

Reflexionar de xeito claro as dotacións de abastecemento e saneamento en servizo real, recuperando os mananciais conectados á rede de fecais para baldeo e rego de zonas verdes. Poñer en valor o actual sistema de depósitos de regulación situados na coroa de montes públicos e comunais.

Facer un centro de estudo/educativo na antiga depuradora e nas instalacións sobrantas, onde se trate de xeito integral o ciclo da auga.

Aumentar a capacidade da presa de Eiras e Zamáns e recuperar a concesión de Vilan cunha nova presa, cos ríos Oitaven e Parada como cabeceira.

Recuperar a ponte da illa Toralla, establecendo claramente o dominio público marítimo terrestre.

Aumentar a captación de auga potable nas Cíes e mellorar os seus accesos/atraques, así como a conexión entre a illa norte e a do medio. A actual escollera que une as illas de Monteagudo e do Faro impide a renovación do Lago dos Nenos.





Atender ao Plan Especial de Rexeneración do Corredor natural do Río Lagares aprobado no 1997, que fixa o solo a protexer, xardín etc.; na proposta cambia a zonas verdes, suxerindo manter o xardín.

#### 4. Consideracións para a mellor integración dos aspectos ambientais no PXOM

No proceso de avaliación ambiental estratéxica deberase garantir unha axeitada integración dos aspectos ambientais na proposta formulada, contribuíndo “ao desenvolvemento económico equilibrado e sustentable do territorio, á cohesión social e á mellora da calidade de vida da poboación e á utilización racional do territorio e á sustentabilidade ambiental”, en coherencia co modelo territorial que establecen as Directrices de ordenación do territorio (DOT).

Neste sentido, unha vez analizada a documentación achegada (borrador do plan e documento inicial estratéxico) e tendo en conta as suxestións recibidas durante a fase de consultas previas, fanse as seguintes consideracións organizadas por variables ambientais na procura dunha mellor integración ambiental do PXOM:

##### Ocupación do territorio

Un dos principais problemas ambientais do municipio de Vigo é a elevada fragmentación do territorio debido ao desenvolvemento de infraestruturas e á dispersión edificatoria. A ordenación proposta no Plan xeral deberá fomentar a contención na ocupación do solo e priorizar a compactación da cidade e núcleos existentes fronte á súa expansión sobre terreos en estado natural (det. 3.1.5.d DOT), de xeito que só teñan a consideración de ámbitos aptos para o desenvolvemento urbanístico aqueles solos que reúnan os requisitos de necesidade e idoneidade (det. 3.1.2 das DOT; artigo 3.2 do RDL 7/2015; artigo 60 do POL).

Atendendo a estas premisas, fanse as seguintes consideracións respecto á ordenación proposta no Borrador.

##### Solo residencial

O Plan debería establecer unha estratexia de desenvolvemento temporal que priorice a execución de actuacións destinadas a compactar as tramas urbanas existentes antes de acometer a transformación de solo en posicións periféricas e zonas exteriores.

Na zona de Samil-Alcabre proxéctase unha grande expansión da cidade cara a praia de Samil (SUB 07.01, 07.07 e 07.08). Malia que se trata dunha área que xa está na actualidade fortemente antropizada por crecementos residenciais extensivos e sen unha estrutura recoñecible, os desenvolvementos propostos levarían a colmatar pola urbanización o espazo libre restante que alberga certos valores ambientais (formacións arbóreas, perspectivas abertas cara á franxa litoral, visuais cruzadas entre puntos de maior cota,...). Cómpre avaliar unha alternativa que, a través dunha maior contención na ocupación do solo, salvagarde os valores ambientais aínda existentes nesta zona inserida na área de mellora ambiental e paisaxística do POL.

Parte do solo urbano non consolidado SUNC 09.01 está afectado por un corredor ecolóxico identificado no POL, esta superficie debe dedicarse aos sistemas xerais ou locais de espazo libre (artigo 66 do POL), agás que se proceda á redelimitación do corredor seguindo o procedemento recollido no artigo 14.

##### Solo industrial

O sector urbanizable **SUB 16.05 A Sobreira** emprázase na liña de cumieira da coroa montañosa que bordea o municipio, na cabeceira da pequena conca do encoro de Zamáns (o cal forma parte do sistema de abastecemento da área urbana de Vigo). Trátase do desenvolvemento dunha área industrial illada nunha zona con alta exposición visual e topografía irregular, condicións que dificultan





a súa integración paisaxística e probablemente darán lugar a efectos paisaxísticos significativos; ademais o ámbito está atravesado polo sendeiro GR-53 “senda panorámica de Vigo”.

O uso forestal dos terreos -aínda que na actualidade non sustentan masas arboradas debido aos incendios acaecidos no ano 2017- pode e debe desempeñar importantes funcións de protección do solo e das augas (defensa do solo contra a erosión e contención de sedimentos, regulación das escorrentas superficial e subsuperficial, mellora da calidade das augas,...) nunha área especialmente sensible como é a conca de aportación do encoro de Zamáns (encoro de enchido lento por achega limitada), na que ademais existen captacións veciñais de auga para abastecemento; neste sentido deberíanse garantir as condicións para a restauración da cuberta vexetal nos terreos incendiados (art. 59 da Lei 7/2012 de montes de Galicia).

Asemade, a maior parte do sector 16.05 é monte veciñal en man común. Por regra xeral estes montes deben manter o uso forestal, coas excepcións contempladas na Lei 7/2012 de montes de Galicia e na Lei 13/1989 de montes veciñais en man común e o seu Regulamento.

Por todo o anterior, considérase que as limitacións ambientais existentes impiden xustificar a idoneidade do emprazamento elixido para esta nova área industrial (det. 3.2.6. DOT).

O *Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia* (PSOAEG) recoñece como un dos factores a ter en conta na avaliación da capacidade de acollida do territorio para a implantación de áreas industriais o da proximidade a outras existentes, de xeito que se debe “fomentar a ampliación das áreas empresariais existentes fronte á creación de novas áreas empresariais, o que contribuirá no aforro na execución de novas infraestruturas de conexión e en novas conexións exteriores”. Porén, o PSOAEG tamén establece que debe evitarse a implantación de áreas empresariais en ámbitos nos que existan edificacións destinadas a usos incompatibles coas actividades previstas na actuación empresarial, como son os usos residenciais.

O sector urbanizable **SUB 16.02 A Garrida** configúrase como ampliación do polígono industrial da Pasaxe, situado no veciño municipio de Gondomar, nun territorio de topografía adecuada e ben comunicado con algunhas das infraestruturas viarias de primeira orde que atravesan o municipio. Porén, este ámbito afecta de forma importante a unha zona residencial na que hai varios equipamentos (colexio, campo de fútbol). Sendo así, considérase necesario redelimitar o sector de xeito que se evite o solape e, na medida do posible, o perímetro de contacto co asentamento de poboación existente, coa finalidade de evitar e reducir probables efectos adversos na calidade de vida e saúde da poboación.

Os sectores **SUB 20.02 Liñeiriños-Paredes-Becerreira Oeste e Leste**, no alto do Faquiño, sitúanse na cumieira do fondo escénico da cidade, abranguendo terreos forestais na actualidade ocupados por masas arboradas, as cales no caso do sector leste teñen continuidade no monte veciñal lindeiro (parque forestal de Cotogrande), polo que poden producirse efectos significativos sobre a paisaxe. Asemade, co sector oeste xérase un novo contacto non desexable entre tecido industrial e residencial (núcleo de Becerreira).

Por outra parte, o uso forestal destes terreos ten relevancia ademais por situárense na cabeceira da conca hidrográfica do río Lagares, xa que a cuberta vexetal desempeña, sobre todo nestas zonas de cabeceira, importantes funcións de protección do solo e de regulación do réxime hídrico.

A proposta formulada no Borrador non está adaptada ás determinacións contidas no PSOAEG, as cales teñen forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente<sup>2</sup>.

#### Solo dotacional

Dentro do sector urbanizable **SUB EQ.A**, de uso característico dotacional, atópase a antiga incineradora de residuos de Vigo e parte do vertedoiro anexo; ademais sobre estes terreos foron

<sup>2</sup> Artigo 24 da Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia; artigo 8 do Decreto 80/2000 polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal; artigo 80.2 do RLSG.





depositados en épocas máis recentes materiais sobrantes da construción da VG-20. A actividade de eliminación de residuos está considerada unha actividade potencialmente contaminante<sup>3</sup>, polo que o cambio de uso do solo previsto require da presentación por parte do propietario do solo dun informe de situación ante o órgano autonómico competente (art.5.2 do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro). En todo caso, cómpre adoptar todas as medidas necesarias para que no desenvolvemento de novos usos ou actividades sobre a superficie do antigo vertedoiro se garanta a protección do ambiente e a seguridade e saúde das persoas; entre outras posibles medidas, esixírase a realización dun estudo xeotécnico no que se analice a estabilidade dos terreos. Estas consideracións deberán integrarse convenientemente na ficha do sector para telas en conta no momento no que se inicie o seu desenvolvemento.

### Solo rústico

A categorización de solo rústico no borrador do PXOM parte da consideración de que a importancia desta clase “transcende a das diferentes políticas sectoriais, algunhas delas pendentes de desenvolvemento”, sendo que se lles asigna diferentes categorías do solo rústico de especial protección a ámbitos que non posúen na actualidade protección ao abeiro da lexislación sectorial vixente. Este órgano ambiental considera adecuado esta formulación, se ben, ao abeiro do disposto na lexislación urbanística vixente (artigo 34.3 da LSG) cómpre achegar xustificación axeitada e obter a conformidade expresa das administracións que teñan as competencias sectoriais.

Segundo a cartografía do Plan Básico Autonómico, no municipio de Vigo os montes de “San Cibrán, Aradas e outros” son montes de utilidade pública pertencentes á Entidade Local Menor de Bembrive. Están en parte afectados pola delimitación do SUB 12.02 terciario.

### Paisaxe

En consonancia co manifestado polo IET no período de consultas previas, en termos xerais o estudo da paisaxe que se fai no borrador pode considerarse como correcto, porén, o documento carece dun estudo da paisaxe urbana (malia que na memoria xustificativa, no apartado 10.8, establécese a metodoloxía para a elaboración do citado estudo).

O PXOM debe realizar un estudo da paisaxe urbana (det. 8.6 das DOT), o cal debe servir para que a ordenación proposta sexa congruente co carácter urbano propio de cada núcleo, zona ou barrio, co obxecto de preservar os seus valores paisaxísticos e contribuír á mellora da calidade dos espazos públicos. Deberá adaptarse ao establecido no artigo 36 do Regulamento da Lei 7/2008, podendo consultar ademais a *Guía de Estudos da Paisaxe Urbana* elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Por outra banda, e dada a considerable reserva de solo destinada a novos desenvolvementos urbanísticos, tanto de reforma interior ou renovación urbana –117 ámbitos de SUNC–, como para o completado do tramado urbano –41 sectores urbanizables–, cómpre lembrar que todos eles tamén deberán incorporar un estudo da paisaxe urbana (artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008), sendo recomendable recoller este aspecto na ficha correspondente a cada sector ou ámbito.

O borrador recoñece a existencia de paisaxes urbanas degradadas –barrios en crise, fronteiras litorais desestruturadas con usos industriais e portuarios decaídos ou pechados, áreas industriais abandonadas e algúns contornos das infraestruturas– que deben ser ámbitos de especial atención paisaxística.

<sup>3</sup> Artigo 2.2 do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados; Anexo I do Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados.





O estudo ambiental estratéxico deberá identificar os efectos que o PXOM pode ocasionar sobre a paisaxe, para poder deseñar as medidas preventivas e correctoras oportunas. Ademais, deberá: xustificar a congruencia das determinacións do PXOM coas características das unidades paisaxísticas identificadas; estudar os efectos das novas infraestruturas e desenvolvementos sobre as áreas de maior fragilidade; fundamentar o tratamento outorgado aos lugares de singular valor paisaxístico identificados; cuantificar e avaliar os efectos das actuacións previstas nos ámbitos de recuperación ou mellora sinalados.

O planeamento deberá incorporar unha memoria xustificativa da adaptación ao ambiente e protección da paisaxe (art. 58.c Lei 2/2016), atendendo ao establecido no artigo 91 da Lei 2/2016.

### **Patrimonio natural**

No apartado 3.1 da Memoria informativa do Borrador descríbese e faise unha valoración do patrimonio natural existente no concello. Nos planos de información (7, 8, 16 e 17) está grafada a maior parte desta información.

No Borrador categorizouse como solo rústico de protección de espazos naturais (SRPEN) os terreos incluídos na Rede galega de espazos protexidos (arquipélago das Illas Cíes; no que se atopan as áreas de presenza e áreas críticas da pillara das dunas), pero tamén o espazo natural de interese local *Complexo duna e areal do Vao-Baluart* así como aqueles “espazos capaces de acoller ámbitos de interese natural de carácter local”: O Galiñeiro e contorna do encoro de Zamáns, as Covas do Folón-Fragoselo, o sistema fluvial do río Eifonso, o curso alto do río Lagares en Cabral e o sistema de humidais asociados á súa desembocadura, o complexo húmido litoral do Vao, mais o litoral das parroquias de Oia e Saiáns. O planificador describe no apartado 3.1.5 da Memoria informativa os valores intrínsecos ecolóxicos e paisaxísticos destes espazos naturais de interese no territorio vigués, así como a importancia da súa contribución á conectividade ecolóxica na área urbana.

Este órgano ambiental considera adecuada a proposta de delimitación do SRPEN. Non entanto, suxírese estender a protección outorgada á zona baixa do Lagares á totalidade do afluente de Navia ata a fonte da Igrexa (lugar no que se sitúa a área peonil ZLV.07.04), xa que esta zona conserva aínda unha interesante mostra de bosque húmido (probablemente se trate do hábitat de interese comunitario 91E0\*) ligada ao curso baixo do río e en prolongación da vexetación existente no corredor ecolóxico delimitado no POL.

En todo caso, ao abeiro do disposto na lexislación urbanística vixente (artigo 34.3 da LSG) cómpre obter a conformidade expresa da administración competente en materia de patrimonio natural en relación á categorización do SRPEN proposta.

Os terreos nos que, de acordo coa cartografía dispoñible na actualidade<sup>4</sup>, supostamente existen representacións de hábitats de interese comunitario foron grafados na planimetría do Borrador e incluíronse nalgunha/s das categorías do solo rústico de especial protección (SRPEN principalmente); o cal, en principio, amosa unha situación favorable para evitar efectos apreciables sobre o estado de conservación dos ditos hábitats.

Respecto ao humidais incluídos no *Inventario de Humidais de Galicia*, categorizáronse como solo rústico de protección de espazos naturais dous: o encoro de Zamáns e a Xunqueira do Lagares, mentres que o humidal da Gándara, inserido no solo urbano consolidado, forma parte do parque urbano da Bouza (EL.PU.03.01); o cal, en principio, garante a protección dos tres humidais.

As árbores e formacións senlleiras incluídas no *Catálogo galego de árbores senlleiras*, todas elas situadas na área urbana da cidade consolidada de Vigo, fican na ordenación proposta inseridas en espazos libres ou zonas verdes (parque de Castrelos, Alameda da Praza Compostela, Praza do Olivo/

4 *Atlas y Manual de los Hábitat Españoles*. Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (ano 2005; escala 1:50.000)





Paseo de Alfonso XII) e nun equipamento (IES do Castro); o cal, en principio, garante a súa conservación.

Este órgano ambiental valora positivamente a creación dun “corredor verde” ao longo do río Lagares na área urbana e periurbana da cidade, mediante a secuencia de parques urbanos e áreas peonís que conforman un continuo, xa que, malia tratarse dun curso fluvial que sufriu severas afeccións, resulta de interese poñer en valor este espazo co mantemento das características naturais que aínda posúe e coa consolidación e promoción dos seus valores recreativos.

### **Patrimonio cultural**

En liña co manifestado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, fanse as seguintes consideracións:

Posto que se aprobou recentemente o Instrumento de ordenación provisional do concello de Vigo, deberanse ter en conta aquelas determinacións que poidan ter incidencia no novo PXOM.

O PXOM incluírá necesariamente, no momento da súa aprobación inicial, no Catálogo todos os bens inmobles do patrimonio cultural situados no municipio de Vigo. O contido mínimo do Catálogo ven establecido nos artigos 196 a 198 do RLSG e conterá as medidas necesarias para a protección, conservación, recuperación e aproveitamento social e cultural dos referidos elementos. Tanto os bens catalogados como o seu contorno de protección, deberán representarse correctamente nos planos de ordenación.

Menciónase na Memoria informativa do Borrador (apartado 3.3) que “foron detectados varios erros no Catálogo do PXOM 2008 (elementos inexistentes, posición xeográfica, etc.) que serán recompilados e emendado na revisión do catálogo”, “sen prexuízo de que durante o proceso de redacción das seguintes fases do plan xeral se produzan axustes, ben pola nova incorporación de elementos que se localicen ou ben pola eliminación de elementos desaparecidos ou en situación irrecuperable, así como aqueles que carezan de características obxecto de protección”. Recoméndase ao respecto, tal e como se suxeriu no período de consultas previas á elaboración deste documento de alcance, que a revisión do dito Catálogo se faga de xeito participativo, involucrando a veciños, asociacións, universidades e calquera outra entidade vinculada co patrimonio cultural.

Recollerase o Camiño de Santiago, Camiño Portugués da costa, coa consideración de ben catalogado coa categoría de territorio histórico, indicando a súa provisionalidade en tanto non se aprobe definitivamente a súa delimitación. En calquera caso, respecto aos Camiños de Santiago que non contén cunha delimitación definitiva, haberá que aterse ao disposto na Disposición transitoria 6ª da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG).

Na Normativa incluírase un apartado de protección do patrimonio cultural que será, xunto coas fichas do Catálogo de elementos protexidos, o marco normativo específico de protección do patrimonio cultural localizado no ámbito do PXOM.

Deberá representarse nos planos de ordenación dos núcleos as aliñacións propostas que, en xeral, deben respectar os muros tradicionais e as construcións existentes que presenten especial valor arquitectónico, histórico ou etnográfico. A tal efecto, o documento indicará nos planos de información os muros tradicionais de rueiro existentes segundo o indicado nas fichas do AMAP e no seu caso revisará as aliñacións propostas no núcleo rural de Fragoselo.

Serán considerados solos rústicos de protección patrimonial os solos ocupados por xacementos arqueolóxicos (área de protección integral) situados sobre solo rústico; na serie de planos de ordenación B01\_PORD\_02CL deberase respectar este criterio.





## Riscos

O PXOM debe incorporar entre os planos de información xeral un mapa de riscos, sinalando as áreas vulnerables pola existencia de riscos naturais, xeolóxicos ou tecnolóxicos, áreas afectadas por impactos ambientais relevantes e as zonas de fluxo preferente. Neste sentido, incorporaranse mapas de capacidade do territorio en canto á contaminación atmosférica, de protección da contaminación luminosa e de contaminación acústica, no suposto de que se elaborasen, de acordo co disposto na normativa sectorial (art. 140 RLSG). Atendendo ao anterior, o Borrador do plan xeral contén entre os planos de información un mapa de riscos (plano 21), un mapa de niveis sonoros das grandes infraestruturas Lden (plano 19) e Lnoite (plano 20) e un mapa de sensibilidade acústica (plano 18).

Na devandita cartografía apréciase como a elevada intensidade de tráfico nalgúns viarios urbanos, vías autonómicas e estradas estatais, a liña ferroviaria e mais o aeroporto de Peinador, fan que os niveis de ruído ambiental nalgúns zonas do municipio resulten elevados, superando nalgúns casos os umbrais admitidos pola lexislación vixente<sup>5</sup> en materia de contaminación acústica. No relativo aos novos desenvolvementos propostos no PXOM, destacan por estar afectados por niveis de contaminación acústica excesivos os ámbitos de solo urbano non consolidado situados na contorna da autoestrada AP-9 ao seu paso pola parroquia de Teis (SUNC 06.03, 06.06, 06.07, 06.08, 06.09, 14.05).

Con carácter xeral, non poderán concederse novas licenzas de construción de edificacións destinadas a vivendas, usos hospitalarios, educativos ou culturais se os índices de inmisión medidos ou calculados incumpren os obxectivos de calidade acústica que sexan de aplicación ás correspondentes áreas acústicas; se ben os concellos, por razóns excepcionais de interese público debidamente motivadas, poderán conceder licenzas de construción das edificacións aludidas no apartado anterior aínda cando se incumpran os obxectivos de calidade acústica nel mencionados, sempre que se satisfagan os obxectivos establecidos para o espazo interior (art. 20 da Lei 37/2003 do ruído).

Sendo así, nos ámbitos de solo urbano non consolidado e urbanizable que poidan estar afectados por niveis de inmisión de ruído e/ou vibracións excesivos deberán realizarse estudos acústicos con carácter previo ao outorgamento da licenza de edificación. No caso de superarse os umbrais recomendados estableceranse limitacións á edificabilidade e/ou disporanse os medios de protección acústica necesarios para alcanzar os obxectivos de calidade acústica establecidos na lexislación, sendo elo responsabilidade dos promotores das actividades para as que se solicita licenza municipal.

Cómpre recoller na parte normativa do plan xeral as limitacións aos usos que derivan do ruído ambiental, atendendo ao comentado nos parágrafos anteriores e ao establecido na lexislación sectorial vixente.

O mapa de sensibilidade acústica amosa a zonificación do territorio municipal por áreas acústicas, tal e como esixe o artigo 13.1 do RD 1367/2007, e sobre esta zonificación aparecen solapadas as isófonas Ld=60 dB (período diúrno) e Ln=50 dB (período nocturno) así como a liña que marca a servidume aeronáutica do aeroporto de Peinador. Tratándose dun mapa de sensibilidade acústica semella máis oportuno representar a servidume acústica (pegada acústica) do aeroporto que a servidume aeronáutica.

Os planos de niveis sonoros das grandes infraestruturas (planos 19 e 20), dado que para a súa elaboración utilizouse como fonte de información os mapas estratéxicos de ruído da aglomeración de Vigo (ano 2017; 3ª fase), representan de forma bastante completa os niveis de inmisión de ruído -ou contaminación acústica- estimados en todo o territorio municipal. Porén, deberíase representar tamén

<sup>5</sup> Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído; Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas; Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.







na planimetría o índice de ruído Ld, xa que a normativa sectorial establece obxectivos de calidade acústica para o período diúrno.

### **Ciclo hídrico**

O planeamento deberá identificar, localizar e caracterizar os recursos hídricos existentes, así como as redes de abastecemento e saneamento executadas e previstas. Asemade, debe garantir o subministro de auga suficiente e promover o seu uso sustentable, equilibrado e equitativo, pechando o ciclo da auga (det. 4.8.5 das DOT). A tal efecto o PXOM deberá conter unha análise e planificación das reservas de auga, captacións previstas, tratamento e distribución de auga, recollida e depuración, para atender as necesidades presentes e futuras, de maneira que non se permitan novos desenvolvementos urbanísticos sen garantía de servizo (det. 3.1.5 g das DOT).

Nas zonas con risco de asolagamento os plans xerais deben establecer as limitacións necesarias de usos, especialmente en ZFP, de cara a garantir a protección das canles así como para evitar e diminuír os danos ambientais e sobre bens e persoas.

Tomando como referencia a cartografía dispoñible<sup>6</sup> sobre ZFP, a falta de estudos de inundabilidade que aporten máis detalle, na análise realizada da proposta de ordenación que se formula no Borrador observouse que, en xeral, as áreas urbanas vacantes de edificación afectadas por ZFP están cualificadas como zonas verdes/espazos libres de sistema xeral, existentes ou previstas, agás no caso do SUNC 03.06 (todo o ámbito está en ZFP), do SUNC 10.02 (8.098 m<sup>2</sup> sobre a subestación de Balaídos orixinaria e sobre un viario de sistema xeral proxectado), do SUB 07.05 (3.244 m<sup>2</sup>) e do SUNC 07.08 (2.065 m<sup>2</sup>).

Ao respecto cómpre sinalar que o Plan hidrolóxico de Galicia-costa establece na súa normativa<sup>7</sup> que nas ZFP o planeamento urbanístico establecerá usos e infraestruturas compatibles coa súa condición natural de vía de intenso desaugadoiro e de zona onde se poden producir graves danos sobre as persoas e os bens, evitándose, con carácter xeral, novos aproveitamentos urbanísticos, novas ocupacións edificatorias e novos elementos infraestructurais, salvo as inherentes á xestión do dominio público hidráulico.

En calquera caso, cómpre atender na ordenación proposta e recoller convenientemente na normativa do PXOM as limitacións aos usos do solo nas zonas inundables e nas zonas de fluxo preferente que establecen tanto o Regulamento do dominio público hidráulico<sup>8</sup> como o Plan hidrolóxico vixente<sup>9</sup>.

O solo rústico afectado por zonas de fluxo preferente (ZFP) ten atribuída algunha categoría de especial protección. Sen prexuízo do que ao respecto determine o órgano competente en materia de augas, deberían categorizarse como solo rústico de protección de augas os terreos situados nas marxes do curso baixo do río Lagares afectados pola ZFP (Xunqueira do Lagares, Campos de Sárdoma) e os situados na súa zona de cabeceira, así como os terreos lindeiros co rego Eifonso, con independencia da atribución doutras categorías de especial protección complementarias.

<sup>6</sup> Mapas de risco e de perigosidade elaborados por Augas de Galicia (información xeográfica oficial no Sistema de información IDE-DHGC (Infraestrutura de Datos Espaciais da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa), accesible ao público no enderezo electrónico <http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>)

<sup>7</sup> Artigo 32 da Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se dispón a publicación da normativa do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.

<sup>8</sup> Artigos 9 bis, 9 ter e 14 bis do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

<sup>9</sup> Artigos 31 e 32 da normativa do Plan hidrolóxico de Galicia-costa (PHGC), publicada mediante Orde do 29 de xaneiro de 2016 (DOG do 18.02.2016).





## **Mobilidade**

Considerarase a mobilidade no deseño do modelo territorial, de maneira que se garanta a accesibilidade, se reduza a demanda de transporte e se favoreza a intermodalidade e o transporte colectivo (det. 3.1.5.b e 3.1.16.g DOT).

O PXOM deberá incluír un estudo da mobilidade (art. 58.b LSG) que avalíe a idoneidade da ordenación prevista en relación co tráfico e a mobilidade, estudando os fluxos existentes e previstos dende unha perspectiva intermodal e multimodal. Este estudo poderá equipararse co Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) e desenvolverá, cando menos, as determinacións recollidas no artigo 139.4 do RLSG.

Lémbrese que o informe das Administracións competentes en materia de estradas sobre a afección e impacto na capacidade de servizo das ditas infraestruturas será determinante para o contido da declaración ambiental estratéxica (artigo 22 do Real Decreto Lexislativo 7/2015).

Recollerase nas fichas dos sectores de solo urbanizable que os viarios principais deberán incorporar carril-bici, que se conectará cos da mesma categoría existentes na contorna, no seu caso (art. 74.2 RLSG).

## **Atmosfera e cambio climático**

A Lei 21/2013 de avaliación ambiental ter en consideración o fenómeno global de cambio climático na elaboración de plans e programas.

Na parte informativa do Borrador (apartado 2.2.6) analízase a problemática asociada ao cambio climático a partir das proxeccións rexionalizadas realizadas pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) e as consecuencias sobre o territorio municipal. Esta análise é o punto de partida para identificar as consecuencias que as determinacións urbanísticas poidan ter en relación co cambio climático.

Segundo o establecido no anexo IV da Lei 21/2013, o estudo ambiental estratéxico que se elabore deberá conter a seguinte información:

- A evolución das características medioambientais do ámbito de actuación tendo en conta o cambio climático esperado no prazo de vixencia do plan;
- A incidencia do plan no cambio climático, en particular unha avaliación adecuada da súa pegada de carbono;
- Medidas previstas para mitigar a incidencia do plan sobre o cambio climático e permitir a súa adaptación ao mesmo (atendendo ás informacións e ás técnicas que estean dispoñibles no momento).

## **Enerxía**

A memoria xustificativa (apartado 7.3.1) analiza o sistema da rede eléctrica existente, incorporando unha descrición das estacións e subestacións existentes no termo municipal. Por outra banda no apartado 7.5 descríbense as infraestruturas da rede de gas, formada por dúas tipoloxías, unha de alta e outra de media presión.

O planeamento deberá identificar as infraestruturas existentes, contemplando as posibilidades de conexión coas redes de transporte e distribución de enerxía, tanto preexistentes como de nova implantación, prevendo os corredores de infraestruturas precisos para o abastecemento eléctrico e gasista (det. 4.7.2 DOT).

As previsións de crecemento urbanístico deberán adecuarse aos recursos enerxéticos, garantindo en todo caso a viabilidade do subministro. Dado o considerable número de desenvolvementos urbanísticos previstos, cobra especial relevancia que o planeamento cuantifique debidamente tanto a capacidade como o posible incremento da demanda en materia de infraestruturas enerxéticas (det.





4.7.2 DOT). Para determinar a viabilidade das actuacións, as compañías subministradoras deberán establecer as necesidades e custo das infraestruturas asociadas aos desenvolvementos urbanísticos (art. 4.7.3 DOT).

No deseño das infraestruturas enerxéticas fomentárase o uso de sistemas eficientes que reduzan o consumo (art. 24 POL) mediante criterios de arquitectura sustentable, como o emprego de criterios de orientación, circulacións naturais de aire, ou deseño de elementos de captación e rexeitamento solar pasivo. Tamén se promoverá o emprego de enerxías renovables, en especial para o quecemento da auga, produción de electricidade e calefacción e refrixeración (art. 6 Lei 8/2012, do 29 de xullo, de vivenda de Galicia).

Favorecerase a integración paisaxística, podendo prohibirse os tendidos aéreos e procurando o soterramento de redes, que en todo caso deberán soterrarse nos novos desenvolvementos residenciais e terciarios (art. 43.5 Lei 2/2016 e det. 4.7.4 DOT).

### **Ciclo de materiais**

A memoria xustificativa (apartado 7.6) describe o sistema de xestión dos residuos urbanos do municipio, facendo mención a que existe unha evolución anual significativa na recollida de residuos.

O planeamento deberá adaptarse ás determinacións dos plans en materia de residuos<sup>10</sup> e incorporará as accións e determinacións necesarias para promover a integración dos obxectivos e medidas previstas tendentes á redución do consumo de materiais e de produción de residuos (det. 4.9.5 DOT).

Para os solos urbanizables, deberá achegarse un estudo que xustifique a capacidade dos servizos para atender as necesidades xeradas ,como é a recollida de residuos urbanos (art. 56.1.d LSG).

## **5. Contido, amplitude e nivel de detalle do estudo ambiental estratéxico**

O estudo ambiental estratéxico (EAE) é o resultado dos traballos de identificación, descrición e avaliación dos posibles efectos significativos no medio como resultado da aplicación do plan, e debe considerar alternativas razoables aos mesmos que sexan técnica e ambientalmente viables.

Dito documento deberá conter a data da súa conclusión e vir asinado polo seu/s autor/es, especificando a súa titulación, tal e como esixe o artigo 16 da Lei 21/2013.

Atendendo ao contido mínimo que establece o anexo IV da Lei 21/2013, sen prexuízo de que o autorincorpore outras cuestións que considere relevantes, o EAE deberá conter:

- Un esbozo do contido, obxectivos principais do planeamento e relacións con outros plans e programas pertinentes (polo menos, co POL e coas DOT);
- Os aspectos relevantes da situación actual do ambiente e a súa probable evolución en caso de non se aplicar o planeamento;
- As características ambientais das zonas que poidan verse afectadas de maneira significativa e a súa evolución tendo en conta o cambio climático esperado no prazo de vixencia do planeamento;
- Calquera problema ambiental existente que sexa relevante para o plan;
- Os obxectivos de protección ambiental fixados nos ámbitos internacional, comunitario ou nacional que garden relación co plan ou programa e a maneira en que tales obxectivos e calquera aspecto ambiental se tiveron en conta durante a súa elaboración;

10 Artigo 21.3 Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia





- Os probables efectos significativos no ambiente, incluídos aspectos como a ocupación do territorio, a paisaxe, a mobilidade, o patrimonio natural, o patrimonio cultural, o ciclo hídrico, a enerxía, o ciclo de materiais, os riscos naturais e antrópicos, a súa incidencia no cambio climático –en particular, unha avaliación adecuada da pegada de carbono asociada ao plan ou programa–, e a interrelación entre estes factores. Estes efectos deben comprender os efectos secundarios, acumulativos, sinérxicos, a curto, medio e longo prazo, permanentes e temporais, positivos e negativos;
- As medidas previstas para previr, reducir e, na medida do posible, compensar calquera efecto negativo importante no ambiente da aplicación do plan ou programa, incluíndo aquelas para mitigar a súa incidencia sobre o cambio climático e permitir a súa adaptación a el;
- Un resumo dos motivos da selección das alternativas consideradas e unha descrición da maneira en que se realizou a avaliación, incluídas as dificultades, como deficiencias técnicas ou falta de coñecementos e experiencia que se poidan ter encontrado para reunir a información requirida;
- Un programa de vixilancia ambiental no que se describan as medidas previstas para o seguimento;
- Un resumo de carácter non técnico da información facilitada en virtude das epígrafes precedentes;
- Cartografía. O EAE deberá incluír todos os planos necesarios para a correcta identificación das alternativas e proposta formuladas así como para a caracterización ambiental do ámbito de actuación e da súa área de influencia (non será necesario incluír no EAE planos temáticos que deben formar parte da propia documentación do plan, segundo o establecido na lexislación urbanística). A documentación cartográfica que se elabore axustarase ás especificacións que figuran nas *Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia*.

## 6. Proceso de información pública e consultas

### 6.1. Modalidade de información pública e consultas

Antes da aprobación inicial do PXOM o Concello de Vigo consultará ás seguintes Administracións:

#### *Administración xeral do Estado*

- Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
  - Dirección Xeral de Estradas
  - Subdirección Xeral de Planificación Ferroviaria
  - Dirección Xeral de Aviación Civil
- Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico
  - Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar

Conforme co disposto no artigo 60.6 da LSG, trala aprobación inicial do plan xeral someterase a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión na provincia. A documentación exposta ao público abranguerá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos a versión inicial do plan, un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico.

Simultaneamente ao trámite de información pública, o Concello ou o órgano competente en materia de urbanismo, segundo corresponda, deberá consultar ás Administracións públicas afectadas e ás





persoas interesadas. Sen prexuízo dos demais informes sectoriais que resulten preceptivos de acordo coa lexislación sectorial aplicable, solicitarase informe a:

*Administracións e organismos públicos autonómicos:*

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
  - Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
  - Dirección Xeral de Patrimonio Natural
  - Instituto de Estudos do Territorio
- Consellería de Cultura, Educación e Universidade
  - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- Consellería do Medio Rural
  - Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal
  - Dirección Xeral de Defensa do Monte
  - Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural
- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade
  - Augas de Galicia
  - Axencia Galega de Infraestruturas
  - Dirección Xeral de Mobilidade
- Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
  - Dirección Xeral de Enerxía e Minas
- Consellería do Mar
  - Portos de Galicia

*Administración local:*

- Deputación provincial de Pontevedra
- Concellos limítrofes

*Público interesado:*

- Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)
- Sociedade Galega de Historia Natural
- Departamento de Xeociencias mariñas e Ordenación do Territorio (Universidade de Vigo)

## 6.2. Integración dos resultados

Tomando en consideración os resultados do trámite de información pública e consultas, o Concello modificará, de ser preciso, o estudo ambiental estratéxico e elaborará a proposta final do PXOM. Feito isto, o Concello remitirá ao órgano ambiental o expediente de avaliación ambiental estratéxica completo -en formato dixital- para que formule a declaración ambiental estratéxica (artigo 60.9 da LSG). O expediente deberá conter (144.9 do RLSG):

- **Proposta final do PXOM e o estudo ambiental estratéxico.**
- **Informe de participación pública e consultas** no que se describa o procedemento seguido, a relación de Administracións públicas consultadas e persoas interesadas, as datas de solicitude e resposta, así como dos medios empregados para a súa difusión. Conterá un resumo de cada unha das observacións, alegacións e informes recibidos, xustificando como foron tomados en consideración e se integraron no planeamento. Ademais, xuntarase copia dos informes recibidos, incluíndo copia daquelas alegacións que presenten temática ambiental.





- **Documento resumo** no que se describa a integración na proposta final dos aspectos ambientais, do estudo ambiental estratéxico e da súa adecuación ao documento de alcance, do resultado das consultas realizadas e da súa toma en consideración.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Margarita Segade Castro  
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

---

## RESOLUCIÓN

Tendo en conta a proposta anterior, RESOLVO formular o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Vigo en cumprimento do establecido no artigo 60.4. da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Esta resolución poñerase a disposición do público na páxina web desta Consellería ([https://cmatv.xunta.gal/tema/c/CMAOT\\_Avaliacion\\_ambiental](https://cmatv.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental)). Remítirase ao Concello para que a teña en consideración na elaboración do PXOM e para que a publique na súa sede electrónica, conforme co disposto no artigo 144.4 do Regulamento da Lei 2/2016 e no artigo 19.3 da Lei 21/2013.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Cruz Ferreira Costa  
Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

